

O PROCEDEMENTO ABREVIADO NO VIXENTE MARCO PROCEDEMENTAL CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO

José Manuel Ramírez Sineiro

Maxistrado-xuíz do Contencioso-Administrativo núm. 1 da Coruña.
Doutor en dereito

1. Introducción

A promulgación primeiro e a entrada en vigor despois, o pasado día 14 de decembro de 1998, da Lei núm. 29/98, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa, supuxo tanto aquel imprescindible revulsivo da dita colapsada orde xurisdiccional como aínda veu encher un patente baleiro procedemental evidenciado desde logo hai xa longo tempo polo vello art. 91,1 da LO núm. 6/85, do 1 de xullo, do Poder Xudicial –ata hai pouco baleiro de efectivo contido–, que prevía a implantación dos correspondentes órganos xurisdiccionais unipersoais do contencioso-administrativo. Desde logo o dito precepto de semellante norma legal precisouno, ampliouno e perfilouno a recente LO núm. 6/98, de igual data do 13 de xullo, de reforma daquela Lei orgánica do Poder Xudicial.

En calquera caso, semellante proceso de reforma da orde xurisdiccional contencioso-administrativa abrangue non só transcendentais aspectos orgánicos –a creación sobre aquela vella previsión legal dos ditos novos

órganos xurisdiccionais unipersoais do contencioso-administrativo aínda posterior, sucesiva e abertamente potenciados por posterior normativa regulamentaria-,¹ senón que incluso se previu a creación *ex novo* dun específico marco procedemental de carácter habitual para que os ditos novos xulgados desenvolvan o seu cometido xurisdiccional –o procedemento abreviado– conforme aquel específico precepto contido no art. 78 daquela Lei núm. 29/98, do 13 de xullo.

Semellante cúmulo de novidades normativas, orgánicas e procedementais na orde xurisdiccional contencioso-administrativa deriva da inaprazable necesidade de afrontar aínda *in extremis* o virtual colapso procedemental que lles afecta de vello ós seus preexistentes órganos xurisdiccionais colexiados e que se fixo evidencia ineludible –segundo sentaban as propias estatísticas do Consello Xeral do Poder Xudicial para aquel pasado ano 1997– ó constatarse entón a existencia dunha pendencia global de douscentos setenta e dous mil (272.000) asuntos contencioso-administrativos pendentes en España, con exponenciais crecementos durante o inmediato decenio anterior da orde do cincocentos (500%) por cento, do catrocentos (400%) por cento ou do cento trinta (130%) por cento segundo se tratase da Sala III do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo, do conxunto das diferentes salas da dita referida orde xurisdiccional dos tribunais superiores de xustiza das diversas comunidades autónomas ou da Audiencia Nacional.

A dita “hipercontenciosidade” xurisdiccional –polo demais cohonesteble coa reafirmación constitucional do control xudicial dos poderes públicos– non podía ser contrarrestada nin tan sequera paliada con ocasionais chamadas a pautas de “industrialización xudicial”, xa que en definitiva –segundo puxo de relevo Martín Rebollo-,² *pese a que en 1992 en los tribunales superiores de justicia se resolvían trescientos y doce (312) asuntos por magistrado... , hubo trescientos setenta y uno (371) asuntos nuevos también por magistrado, quedando pendientes una media de seiscientos dieciocho (618) asuntos por magistrado al acabar el año.*

¹ Así, o Real decreto núm. 1647/98, do 24 de xullo (BOE núm. 177), polo que se dispuña a constitución dos xulgados do contencioso-administrativo correspondentes á programación de 1998, estableceu en sesenta e cinco (65) xulgados o número total dos ditos especializados órganos xurisdiccionais unipersoais –tanto centrais como provinciais–, entón inicialmente creados. A súa efectiva e maioritaria entrada en funcionamento produciuse o pasado día 15 de decembro de 1998. Ademais, o posterior Real decreto núm. 143/99, do 29 de xaneiro (BOE núm. 26), polo que se dispón a adicional creación e aínda singular constitución dos xulgados do contencioso-administrativo correspondentes á programación de 1999, engadiu outros oitenta e nove (89) xulgados máis, e prevese a súa entrada en funcionamento o próximo mes de xuño de 1999.

² MARTÍN REBOLLO, Luis, “Estudio preliminar” en *Código de la jurisdicción contencioso-administrativa*, Aranzadi, Pamplona, 1998, pp. 29 e 30.

É dicir, despois de dictar máis dunha (1) sentenza diaria cada maxistrado –ademais de atender, desde logo, a tódolos seus demais cometidos xudiciais–, contabilizados globalmente festivos e fins de semana e excluído o correspondente cómputo vacacional anual, semellante esforzo persoal e profesional destes titulares daqueles órganos xudiciais colexiados revelou por completo estéril en 1992 e nos anos posteriores ata agora en canto o “atasco” xudicial da orde xurisdiccional contencioso-administrativa non cesaba de incrementarse.

Decidiuse, pois, finalmente abordar –non sen acerbas críticas e aínda con completo escepticismo por parte de determinadas e aínda máximas instancias xudiciais– sequera parcialmente a reforma estrutural da orde xurisdiccional contencioso-administrativa sobre os seguintes piares: a creación de órganos xurisdiccionais unipersoais do contencioso-administrativo³ e a apertura dun específico marco procedemental en que se desenvolvese o seu correspondente cometido xudicial: o procedemento abreviado⁴.

2. Obxecto

O art. 78,1 daquela Lei núm. 29/98, do 13 de xullo, sinala o habitual obxecto procedemental do procedemento abreviado ó establecer que os recursos que se deduzan nas materias de que coñezan os xulgados do contencioso-administrativo se substanciarán por semellante canle procesual *cando a súa contía non supere as cincocentas mil (500.000) pesetas ou cando se trate de cuestións de persoal que non se refiran ó nacemento ou extinción da relación de servizo dos funcionarios públicos de carreira*, sen prexuízo de que o seu art. 29,2 fixe tamén a dita vía como residual canle –desde logo non limitada ós ditos referidos órganos xurisdiccionais unipersoais–, ó establecer que *cando a Administración non execute os seus actos firmes, poderán os afectados solicita-la súa execución e se esta non se produce no prazo dun (1) mes desde tal petición, poderán os solicitantes formular recurso contencioso-administrativo*, que se tramitará por aquel específico trámite procedemental anteriormente referido.

³ En calquera caso, parece que recentes opinións singulares apuntan unha mellor impresión ó respecto. Así, *es motivo de alegría que los juzgados unipersonales* –señala Enrique Arnaldo Alcubilla– *hayan dictado las primeras sentencias dos meses después de su puesta en marcha, lo que demuestra la eficacia del modelo de este juez de lo contencioso*. Cit. EFE: *El CGPJ y la AN aprecian mayor agilidad con la nueva ley de la jurisdicción contencioso-administrativa*, en *Noticario jurídico Aranzadi*, núm. 7, 18-III-1999, p.3.

⁴ O titular da presidencia da Sala do Contencioso-Administrativo da Audiencia Nacional, José María Álvarez Cienfuegos, sinalou recentemente que a dita específica vía procedemental responde á idea inicial dunha maior celeridade e rapidez, que era un dos puntos negros da xurisdicción contenciosa á que sempre se cualificou de lenta. Cit. *ibidem*, p. 3.

O dito singular marco procedementa de neta raíz xermano-occidental⁵ –que constitúe “novidade importante” segundo o parágrafo segundo do punto IV da propia exposición de motivos daquela Lei núm. 29/98, de 13 de xullo–, introduciuse en calquera caso segundo precisa García Gil, por *iniciativa parlamentaria como cauce procesal para a sustanciación de las pretensiones sometidas al conocimiento de los juzgados de lo contencioso-administrativo*,⁶ co que se modificou así o inicial proxecto goberna mental elaborado en 1997,⁷ que quedou finalmente circunscrito á tramitación daquelas controversias de natureza tan masiva como de menor entidade.

En calquera caso, o establecemento de semellante marco procedementa non respondía a ningún criterio ocasional, senón á inaprazable necesidade de remedia-lo feito da existencia subliñada pola doutrina de *multitud de recursos por cuestiones nimias que deberían resolverse mediante procedimientos menos formalizados...*, en la medida en que, por exemplo, en los asuntos con cuantía determinada, en el treinta y uno (31%) por ciento de los casos aquella no llega a cien mil (100.000) pesetas y en un dieciséis (16%) por ciento es de menos de cincuenta mil (50.000) pesetas.⁸

Por outra banda, *las pruebas de oposiciones; los catálogos de puestos de trabajo; los concursos de traslados; las cuestiones de personal en suma* –sinala con precisión Martín Rebollo– *significan ya en torno al treinta (30%) por ciento de toda la conflictividad...*, en tanto que los temas tributarios municipales significan el cincuenta (50%) por ciento de toda la conflictividad local, correspondiendo a pleitos de relativamente escasa cuantía –de forma que el treinta y

⁵ Es significativo, sinala GONZÁLEZ-VARAS IBÁÑEZ, que este procedimienta abreviado es a grandes rasgos el procedimienta que otros países contemplan como procedimienta contencioso-administrativo normal u ordinario (estoy pensando en el prestigioso proceso administrativo alemán), GONZÁLEZ-VARAS IBÁÑEZ, Santiago, “El procedimienta abreviado de la nueva Ley reguladora de la jurisdicción contencioso-administrativa. Argumentos a su favor”, *La Ley*, núm. 4697, 21-XII-1998, Pp. 1 y 2.

⁶ GARCÍA GIL, Francisco Javier, *El proceso contencioso-administrativo*, Dilex, S.L., Madrid, 1998, p. 787.

⁷ Su regulación no estaba prevista en el Proyecto de ley remitido al Congreso por el Gobierno y surgió como consecuencia de las enmiendas núm. 241 del Grupo Parlamentario Catalán-CIU y núm. 309 del Grupo Parlamentario Socialista del Congreso de los Diputados. Curiosamente ambas enmiendas pretendían la introducción del procedimienta abreviado no como una manifestación del procedimienta contencioso-administrativo ordinario sino como un procedimienta especial, incluído por tanto en el título V de la Ley... Sin embargo, la Ponencia de la Comisión de Justicia e Interior, en su Informe de 25 de Febrero de 1998, recogido en el B.O.C.D. núm. 70-9, de fecha 10 de Marzo de 1998, configuró el mencionado Procedimienta Abreviado como una modalidad del procedimienta contencioso-administrativo ordinario, junto al procedimienta en primera o única instancia, introduciendo un art. 75 bis, que finalmente ha quedado como el art. 78, RUIZ RISUEÑO, Francisco, *El proceso contencioso-administrativo*, Colex, Madrid, 1998, p. 242.

⁸ MARTÍN REBOLLO, *op. cit.*, p. 30.

cinco (35%) por ciento no llega a cien mil (100.000) pesetas-, donde la media de recursos total o parcialmente estimados es por lo general elevada⁹.

Pódense dar xa inclusive porcentaxes singulares e relativas pero aínda máis concretas, recentes e pormenorizadas ó respecto. Así, no Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 1 –aínda único– da Coruña incoáronse ata o pasado día 31 de marzo de 1999 –a tres meses e medio escasos da súa correspondente entrada en funcionamento– un total de cincocentas coenta e dúas (542) actuacións –das que precisamente o oitenta (80%) por cento se corresponden con aquel referido marco procedemental do procedemento abreviado–, e inclusive xa recaeron sesenta (60) sentencias.

Débense en calquera caso formular agora dúas precisións conceptuais. Por un lado, no que atinxe á contía, aquel teito cuantitativo de cincocentas mil (500.000) pesetas non rexe naturalmente só para aqueles supostos de contía determinada por semellante contía económica, senón tamén para aqueloutros casos nos que o dito importe sexa determinable, inclusive baixo pautas de valoración económica da pretensión, conforme as regras dos arts. 40 e seguintes da dita Lei núm. 29/98, do 13 de xullo, así como aínda residualmente conforme o supletorio teor da Lei de axuízamento civil.

Conviene salir al paso –resáltase tanto doutrinal como xurisprudencialmente– *de la incorrecta y no infrecuente práctica de considerar como de cuantía indeterminada recursos en los que, por ejemplo, se impugna una sanción pecuniaria acompañada de otra que no tiene directamente este carácter cual es el caso de la multa de tráfico unida a la suspensión temporal del permiso de conducir*¹⁰.

Así –afondando naquel criterio apuntado polo auto con data do 22 de outubro de 1997 da Sala III do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo–, García Gil sinala que *aún tratándose de sanciones consistentes en privación de derechos, existe una posibilidad razonable de establecer su valoración económica y con arreglo a ella debe fijarse la cuantía del recurso, por lo que en supuestos como el mencionado habrán de ponderarse los gastos previsibles que por todos los conceptos puedan derivarse de la medida no pecuniaria –por ejemplo, la contratación de un servicio individual de transporte–, que difícilmente llegarían al límite de la apelación...*¹¹ ou daquela contía de cincocentas mil (500.000) pesetas que caracteriza como tope cuantitativo ó procedemento abreviado.

Por outra parte, polo que se refire ó ámbito do persoal, rexe aquela xenérica cláusula de exclusión procedemental contida naquel art. 78,1 *in fine e a contrario sensu* da dita Lei núm. 29/98, do 13 de xullo, no sentido

⁹ *Ibidem*, pp. 30 e 31.

¹⁰ GARCÍA GIL: *op. cit.*, p. 504.

¹¹ *Ibidem*, p. 504.

de que só quedarán fóra da dita específica canle procesual aquelas cuestións de persoal que se refiren ó nacemento ou á extinción da relación de servizos dos funcionarios públicos de carreira, de maneira que, se a controversia na dita materia non atinxe os ditos específicos extremos inicial ou final do correspondente periplo funcional profesional aquel, marco procesual legalmente establecido será precisamente o procedemento abreviado.

Resulta pois patente que, aínda tratándose dunha cuestión de persoal e relativa inclusive ó comezo dunha relación de servizo coa Administración –así, como título exemplificativo, concursos universitarios relativos á provisión de prazas de profesores asociados–, nada impediría incardinar semellante controversia xurisdiccional no marco do procedemento abreviado en canto precisamente non se estaría perante ningún persoal funcionario de carreira.

Por último, aquelas outras controversias en materia de persoal funcionario de carreira serán igualmente susceptibles de seren resoltas pola dita sumaria e abreviada vía procedemental sempre que non afecten o inicio ou a extinción por calquera causa daquela referida relación funcional coas administracións públicas, en canto semellante pormenor inicial ou final da vida funcional constitúe precisamente o factor de exclusión do procedemento abreviado.

3. Natureza e principios informadores

O procedemento abreviado –segundo subliña desde logo recente doutrina– non é unha simple variable do procedemento ordinario, senón que, como xa antes sequera brevemente se apuntou, constitúe *una estructura procesal de nueva planta...*, basada en los principios de oralidad, inmediación, concentración, así como en los de economía y celeridad.¹²

En calquera caso, *atendida su naturaleza y sistemática dentro de la Ley de la jurisdicción contencioso-administrativa* –apunta Lesmes Serrano–, *dicho específico cauce procedimental no tiene la consideración de procedimiento especial sino que se trata de una modalidad abreviada del procedimiento ordinario*, na medida en que *el título IV de dicha norma legal está dedicado al procedimiento contencioso-administrativo, dividiéndose en dos capítulos, regulando el primero el procedimiento en primera o única instancia y el segundo el procedimiento abreviado, estando dedicado el título V a los procedimientos especiales.*¹³

Sen embargo –segundo o xuízo do modesto autor destas liñas–, semellante aserto relativo a que a dita específica vía procedemental consti-

¹² GARCÍA GIL: *op. cit.*, p. 787.

¹³ LESMES SERRANO, Carlos, “Jurisdicción contencioso-administrativa” *El Consultor de los Ayuntamientos y de los Juzgados*, Madrid, 1998, p. 853.

túe unha modalidade abreviada do procedemento ordinario resulta de todo punto discutible na medida en que os seus principios informadores –como de seguida veremos– non só resultan incluso contrapostos nun e noutro marco procesual senón porque é patente que unha cousa é a ordinaria habitualidade con que se acudirá por razón material a el e outra ben distinta é a diferenciada modalidade, desenvolvemento e aínda natureza daqueloutra pauta procedemental complexa, escrita e aínda supletoria do anterior, denominada paradoxalmente procedemento ordinario por mor tamén da súa indubidable vocación de xeneralidade.

Pódese afirmar, pois, inclusive con apoio dun amplo sector doutrinal, que o dito sumario marco procedemental contencioso-administrativo *se trata de un procedimiento ágil dirigido a la sustanciación de asuntos de cuantía determinada y limitada, basado en el principio de oralidad*¹⁴, polo que nos encontramos en realidade perante o que ben podería denominarse un *procedimiento piloto*¹⁵ ou aínda perante un específico *juicio ordinario abreviado*¹⁶.

Así, fronte ó carácter predominantemente escrito do renovado procedemento ordinario, o procedemento abreviado caracterízase pola súa marcada oralidade, ó se reservaren nel as pautas de escritura para a súa inicial fase procedemental, mentres que o núcleo do proceso se desenvolve no marco da propia vista oral; ó se economizaren todo tipo de trámites intermedios previos a esta, para facilita-la súa pronta convocatoria –o que evidencia o trazo de celeridade que igualmente caracteriza a dita vía procedemental–; e ó ser inclusive destacable que nin sequera a omisión da remisión do expediente por parte da Administración demandada ou aínda a incomparecencia dela –conforme por demais senta o art. 78,5 *in fine* daquela Lei núm. 29/98, do 13 de xullo– serían causa bastante para a súa suspensión.

Durante o transcurso da vista oralponse, pois, de manifesto a súa oralidade –de maneira que resulta desde logo peculiar que se lle introduza un facultativo dereito á última palabra a aquela persoa eventualmente recorrente, no caso de que compareza o dito plenario tramitacional conforme recensiona o art. 78,19 da dita precitada norma legal

¹⁴ CACHO FRAGA, Antonio e Luis VACAS GARCÍA-ALOS, "Comentarios a la Ley de la jurisdicción contencioso-administrativa", *La Ley Actualidad*, Madrid, 1998, p. 167.

¹⁵ GONZÁLEZ-VARAS IBÁÑEZ, *op. cit.*, p. 1.

¹⁶ Non se trata pois de un *procedimiento especial* sinala Jiménez Rodríguez, *ya que la delimitación de su ámbito se hace principalmente –pero no exclusivamente– por referencia a la cuantía..., sin perjuicio de que con idéntica analogía algunas materias específicas también se discutan por este cauce cualquiera que sea su cuantía*". GONZÁLEZ MONTES, José Luis, Santiago OLMO HERVAS, Andrés Jiménez Rodríguez e Francisco José Fontecilla Rodríguez, "Breve comentario a la nueva Ley de la jurisdicción contencioso-administrativa" *Boletín de Información del Ministerio de Justicia*, núm. 1833, 15-XI-1998 (suplemento), p. 128.

contencioso-administrativa-,¹⁷ pero o seu desenvolvemento resalta a patente aplicación procedemental dos principios de inmediación, concentración e contradicción que o lexislador –segundo sentou tan concisa como nidiamente González-Varas–¹⁸ trasladou do procedemento laboral a este novo marco procesual contencioso-administrativo que agora nos ocupa.

Todo o desenvolvemento da vista oral prodúcese, desde logo, baixo inequívocas pautas de efectiva intermediación xurisdiccional, inclusive plasmada segundo as formalidades rituais de rigor de respectivas e sucesivas réplica e dúplica –daquela expositivas do contido da demanda e da contestación daquelas contrapartes comparecentes e da posterior evacuación, pola súa parte, do trámite de conclusións definitivas–, verticilándose en sucesivo e ininterrompido tracto entre as ditas referidas e senllas alegacións eventuais cuestións incidentais e o recibimento de proba de modo moi concentrado e sempre por directa presenza xudicial.

Semellantes avatares procedementais do acto da vista oral documentaríanse sempre baixo a fe pública xudicial do correspondente titular da secretaría que ha de levantar aquela acta prevista polo art. 78,21 e 22 da dita Lei núm. 29/98, do 13 de xullo –aínda mediante o concurso de medios mecánicos de reprodución–, e correspóndelle sempre ó propio órgano xurisdiccional unipersoal dilucidar persoal, directa e inmediateamente e sen ningunha solución de continuidade tanto calquera incidental controversia que poida suscitar non só sobre o seu contido material senón tamén acerca daqueloutras previas alegacións formuladas no seu caso inicialmente e referidas a eventual incompetencia, falta de xurisdicción ou aínda inadecuación procedemental, así como sobre a propia pertinencia da proba proposta –calquera que sexa a súa natureza (confesoria-testifical, pericial ou documental)–. Por último poderán aquelas contrapartes comparecentes para o efecto, no caso de denegación de proba ou por estimar que se admite acervo probatorio obtido con violación de dereitos fundamentais, interpor recurso de súplica que se tramitará *in situ* –de modo contradictorio, oral e inmediato con audiencia das demais partes– e que se resolverá, pois, sen ulterior recurso e sen outra opción residual para aquela parte desconforme que formula-la correspondente protesta.

¹⁷ *Se ha incorporado la deseable y novedosa previsión –sinala JIMÉNEZ RODRÍGUEZ– de que el ciudadano sea personalmente oído, después de su letrado, antes de dictar sentencia. Íbidem, p. 131. Sen embargo –ó modesto xuízo de quen isto escribe–, nada transcendente achega a novidade porque raramente os promovedores acoden á vista oral –así, de sesenta (60) xuízos realizados pola dita específica e sumaria vía procedemental ata a data na Coruña tan só acudiron a cinco (5) sesións as correspondentes persoas recorrentes–, e ademais fixeron uso do seu dereito á última palabra só en dúas (2) ocasións.*

¹⁸ GONZÁLEZ-VARAS IBAÑEZ: *op. cit.*, p. 2.

En calquera caso, os principios de concentración e de unidade de acto caracterizan tamén a vista oral e, en especial, a práctica da correspondente proba, ata o punto que só residual e excepcionalmente se poderá proceder á súa interrupción e deferimento para ulterior data. É de todo punto expresivo ó respecto o contido do art. 78,18 daquela Lei núm. 29/98, de 13 de xullo, cando sinala que *se o xuíz estimase que algunha proba relevante non pode practicarse na vista, sen mala fe por parte de quen tivese obriga de achegala, suspenderaa, e sinalarase no acto e sen necesidade de nova notificación, o lugar, día e hora en que deba reiniciarse.*

4. Trámite procedemental

A tramitación procedemental do procedemento abreviado caracterízase, pois, pola súa celeridade e pola sumariedade dos seus iniciais trámites escritos –reducidos á directa presentación da demanda e da precisa documentación anexa; á súa simultánea admisión no caso de que así o estime procedente o correspondente titular xurisdiccional *a quo* de que se trate; á reclamación do expediente; ó sinalamento da ulterior vista oral e á citación para o efecto das contrapartes que procedan (en especial, da Administración pública demandada)–, co fin de permitirla pronta realización do pertinente plenario que se rexerá xa por aquelas precitadas pautas de oralidade, inmediación, contradicción e concentración procesuais anteriormente recensionadas.

Semellante proceso non ten pois outro obxecto –como subliña Ruiz Risueño–, *que evitar la saturación de los órganos jurisdiccionales y las dilaciones indebidas*,¹⁹ de maneira que incluso a incipiente realidade procedemental cotiá ofrece sequera inicialmente como fidedigno dato que un máximo de corenta e cinco (45) días resulta período suficiente computado desde a data de presentación da demanda para fixa-lo núcleo de semellante canle procedemental: a vista oral²⁰.

¹⁹ RUIZ RISUEÑO, *op. cit.*, p. 242.

²⁰ *Es un elemento de satisfacción* –sinala Enrique Arnaldo ALCUBILLA– *que una respuesta del juez pueda dictarse en dos ó tres meses en una sociedad como la española en la que se ha incrementado la litigiosidad. Si hubiera seguido un turno normal* –refírese obviamente ó recurso interposto–, *habría tardado probablemente entre dos y cuatro años en cualquier Sala de lo Contencioso.* Pola súa banda, Rafael FERNÁNDEZ VALVERDE subliña tamén o feito de que *en los juzgados de Madrid se hayan dictado sentencias firmes sobre recursos contenciosos presentados el día 17 de diciembre y mostró su esperanza de que todo siga funcionando de la misma forma o mejor con los sesenta y cinco (65) juzgados implantados más los otros ochenta y nueve (89) adicionales que comenzarán a funcionar a partir del próximo mes de junio.* Cit. EFE, *op. cit.*, p. 3.

En calquera caso, a acelerada pauta tramitacional propia do procedemento abreviado cohesionábase tamén con aquela outra sumariedade característica das medidas cautelares, sen que –pese a algún indicio doutrinal ó respecto–²¹ nada impida a súa petición e ulterior outorgamento xurisdiccional na dita específica vía procedemental,²² sen prexuízo de que se poida conxugar igualmente coa previa promoción daqueloutras medidas provisionálsimas ou precautelares –susceptibles inclusive de seren xudicialmente adoptadas *inaudita parte*–, contempladas nos arts. 135 e 136 daquela Lei núm. 29/98, do 13 de xullo²³.

Ademais, as medidas cautelares –calquera que sexa a súa natureza–, tramitaranse sempre en peza separada conforme sinala o art. 131 daquela vixente norma legal contencioso-administrativa, sen que tampouco supoñan ningún óbice ou obstáculo para a sumaria tramitación que desde logo caracteriza a aquela específica vía procedemental que agora nos ocupa: o procedemento abreviado²⁴.

²¹ GONZÁLEZ-VARAS, *op. cit.*, p. 2.

²² *Se pueden solicitar pues medidas cautelares* -afirma Jiménez Rodríguez- *en toda clase de procesos*. GONZÁLEZ MONTES, Olmo Hervas, Jiménez Rodríguez y Fontecilla Rodríguez, *op. cit.*, p. 129. Por suposto, conforme senta o art. 129,1 daquela Lei núm. 29/98, do 13 de xullo, *los interesados podrán solicitar en cualquier estado del proceso* –aínda abreviado, convén precisar polo que agora interesa– *la adopción de cuantas medidas aseguren la efectividad de la sentencia*.

²³ Así, o art. 135 daquela Lei núm. 29/98, do 13 de xullo, establece que *o xuíz ou tribunal, atendidas as circunstancias de especial urxencia que concorran no caso, adoptará a medida sen of-la parte contraria. Contra este auto non se dará ningún recurso. Na mesma resolución, o xuíz ou tribunal convocará as partes a unha comparecencia que haberá de celebrarse dentro dos tres (3) días seguintes, sobre o levantamento, mantemento ou modificación da medida adoptada. Celebrada a comparecencia, o xuíz ou tribunal dictará auto, o cal será recorrible conforme as regras xerais*. Por outra parte, o art. 136 de igual norma legal contencioso-administrativa sinala tanto que *nos supostos dos artigos 29 e 30 –é dicir, no caso de que a Administración estea obrigada a realizar unha prestación concreta en virtude dunha disposición xeral que non precise actos de aplicación ou en virtude dun acto, contrato ou convenio administrativo ou que se trate de previas e meras vías de feito-, a medida preventiva adoptárase salvo que se aprecie con evidencia que non se dan as situacións previstas nos ditos artigos ou a medida ocasione unha perturbación grave dos intereses xerais ou de terceiro, que o xuíz ponderará en forma circunstanciada, como que nos supostos do apartado anterior, as medidas tamén poderán solicitarse antes da interposición do recurso, tramitándose conforme ó disposto no artigo precedente. En tal caso o interesado pedirá a súa ratificación ó interpor o recurso, o que haberá de facerse inescusablemente no prazo de dez (10) días a contar desde a notificación da adopción das medidas preventivas. Nos tres (3) días seguintes convocarase a comparecencia á que fai referencia o artigo anterior. Finalmente –sinala o dito precepto–, de non se interpor o recurso, quedarán automaticamente sen efecto as medidas acordadas, debendo o solicitante indemnizar dos danos e prexuízos que a medida preventiva produciuse*.

²⁴ *Es preferible la tramitación en pieza separada* -sinala Jiménez Rodríguez-, *conforme al régimen general que no dilate el desarrollo del procedimiento*. GONZÁLEZ, Olmo, JIMÉNEZ e FONTECILLA: *op. cit.*, p. 129. Para unha análise das medidas cautelares na dita Lei núm.

4.1. Inicio do procedemento

O art. 78,2 da dita Lei núm. 29/98, do 13 de xullo, establece de modo taxativo que *o recurso se iniciará por demanda, á que se acompañará o documento ou documentos nos que o actor funde o seu dereito e aqueles previstos no artigo 45,2,*²⁵ é dicir, no caso de seren precisos tanto o poder que acredite a representación do comparecente –sen que desde logo nada impida no seu caso unha eventual designación *apud acta* en autos na propia sede xudicial-, como a súa lexitimación; a copia ou designación do acto expreso ou da disposición recorrida –sen prexuízo de que no caso de suposto de inactividade administrativa ou de mera vía de feito haxa que resalta-lo expediente ou calquera outro dato que permita a súa identificación e o órgano administrativo ó que se lle imputa a súa correspondente autoría–, ademais daqueles apoderamentos especiais esixibles conforme as súas normas e estatutos particulares ás persoas xurídicas para litigar cando aquela referida vía procedemental fose promovida por parte que posúa calidade semellante.

Por suposto, se se omitise algunha documentación ou aínda se o recurso se promovese defectuosamente mediante mero escrito de interposición e non por inicial demanda –como por outra parte a cotiá práctica forense reflicte reiteradamente nestes primeiros compases procesuais (a pouco máis de tres meses da vixencia da dita sumaria vía procesual contencioso-administrativa no momento de redactar estas liñas)–, por mor do principio *pro actione* e de conformidade co teor dos arts. 78,23 e 45,3 daquela mesma norma legal, *sempre que o xulgado..., estime que non concorren os requisitos esixidos por esta lei para a validez da comparecencia, requirirá inmediatamente a reparación destes, e sinalará un prazo de dez (10) días para que o recorrente poida levala a efecto e se non o fai ordenarase o arquivo das actuacións.*

En definitiva, *presentada a demanda, o xuíz, tralo exame da súa xurisdicción e da súa competencia obxectiva* –establece o art. 78,3 de igual texto legal contencioso-administrativo se non concorrese ningún defecto procesual, competencial ou xurisdiccional– *dictará providencia na que ordenará no seu caso a admisión da demanda e o seu traslado ó demandado e citará as partes para a realización de vista, con indicación de día e de hora. Na mesma provi-*

29/98, do 13 de xullo, ÁLVAREZ- CIENFUEGOS SUÁREZ, José María, Las medidas cautelares en la Ley de la jurisdicción contencioso-administrativa de 13 de julio de 1998. *Actualidad Jurídica Aranzadi*, núm. 370, 17-XII-1998, pp. 1-6.

²⁵ *Por lo tanto, la demanda podrá ser poco más que un escrito de interposición, aunque debe contener todos los requisitos de aquella tales como hechos y fundamentos de derecho, pero susceptible de numerosos errores al no haber dispuesto de todos los elementos de juicio que se contienen en el Expediente.* LÓPEZ-MUÑIZ GOÑI, Miguel, *El nuevo procedimiento contencioso-administrativo. Formularios.* Colex, Madrid, 1998, p. 429.

dencia ordenaralle á Administración demandada que remita o expediente administrativo alomenos quince (15) días antes do termo sinalado para a vista.

Así, *el novedoso procedimiento abreviado* –recalca Jiménez Rodríguez–, *suprime la contestación escrita y obliga al juez a convocar a las partes para la celebración de la vista, salvo que carezca de jurisdicción y competencia, únicos presupuestos procesales expresamente contemplados en el art. 78,3 de dicho texto legal junto con la irregularidad formal de aquella demanda*²⁶ que ha de ser aquí sempre directamente interposta.

Por suposto, a celeridade tramitacional do procedemento abreviado imponlle á Administración demandada unha especial dilixencia no seu deber de remisión do expediente coa dita efectiva antelación de quince (15) días con respecto ó inicio daquela vista oral previa e oportunamente convocada. Opera así como efectivo soporte fáctico da dita vía procedemental non só aquel xeral deber de boa fe, senón incluso aquel principio de colaboración entre partes no proceso contencioso-administrativo ó que reiteradamente alude a nosa doutrina,²⁷ sen prexuízo de que o retardo remisório do dito acervo documental poida ser corrixido disciplinariamente segundo aquelas pautas coercitivo-sancionadoras conforme drástica pero acertadamente prevé o art. 48,7 daquela Lei núm. 29/98, do 13 de xullo,²⁸ sen prexuízo de que o dito omisivo proceder administrativo poida inclusive reverter en contra do propio interese procedemental do correspondente ente público demandado, na medida en que a falta de efectiva recepción daquel expediente administrativo previa e oportunamente reclamado deixaría sen efectivo soporte probatorio-procesual, e desde logo desdebuxaría a inicial presunción de veracidade de que goza a actuación administrativa.

Esta vía procedemental caracterízase, pois –sinala López-Muñiz Goñi, por *el hecho de que se inicie el recurso mediante demanda acompañada de los documentos normales, pero sin que se haya podido disponer del expediente administrativo cuyo estudio queda para la segunda fase del proceso que es el jui-*

²⁶ GONZÁLEZ, OLMO, JIMÉNEZ e FONTECILLA, *op. cit.*, p. 129.

²⁷ GONZÁLEZ-VARAS IBÁÑEZ, *op. cit.*, p. 2.

²⁸ Así, o art. 48,7 da dita Lei núm. 29/98, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa, senta que *transcorrido o prazo de remisión do expediente sen se recibir completo, reiterarase a reclamación e se non enviarase ó remate de dez (10) días contados como dispón o apartado 3* –así, o expediente deberá ser remitido no prazo improrrogable de vinte (20) días, contados desde que a comunicación xudicial teña entrada no rexistro xeral do órgano requirido. A entrada porase en coñecemento do órgano xurisdiccional–, *imporáselle unha multa coercitiva de cincuenta mil (50.000) pesetas a duascentas mil (200.000) pesetas á autoridade ou empregado responsable. A multa será reiterada cada vinte (20) días, ata o cumprimento do requirido. De se da-la causa de imposibilidade de determinación individualizada da autoridade ou empregado responsable, a Administración será a responsable de pagamento da multa sen prexuízo de que repercuta sobre o responsable.*

*cio oral*²⁹, de modo que conforme prescribe o art. 78,4 daquela Lei núm. 29/98, do 13 de xullo, *recibido el expediente administrativo, el juez lo remitirá al actor y a los interesados que se hubieren personado para que puedan hacer alegaciones en el acto de la vista.*

4.2. Xuízo oral

O epicentro procesual do procedemento abreviado vén determinado, pois, pola vista oral e á súa pronta realización subordínase todo o precedente trámite procedemental antes descrito –de carácter escrito–, sen prexuízo de que inclusive aquí persistan aínda residuais malos costumes legais dedicados a privilexiar procesualmente as diferentes administracións públicas.

Así, ó inicio da dita vista oral, aquel consubstancial principio da igualdade de partes aparece relativizado xa que, mentres a incomparecencia do promovente leva consigo o imperativo remate por desistimento daquel recurso con expresa imposición de custas, se o dito mesmo omisivo comportamento procedemental residise no correspondente ente público demandado resulta obrigada a continuación do xuízo, o dictado de sentenza e que por mor do principio *iura novit curia* o correspondente titular xurisdiccional vele polo principio de legalidade administrativa e que se pronuncie inclusive sobre o fondo do litixio con independencia daquela anómala conducta procesual que puidese ter feito aquela Administración demandada.

O art. 78,5 daquela Lei núm. 29/98, do 13 de xullo, establece pois que *comparecidas as partes ou algunha delas, o xuíz declarará aberta a vista. Se as partes non comparecesen ou o fixese só o demandado, terase ó actor por desistido do recurso e condenaráselle en custas e, se comparecese só o actor, proseguirase a vista en ausencia do demandado, pero* –subliña Jiménez Rodríguez– *sen que esta equivala á conformidade coa demanda*³⁰ da Administración demandada.

En calquera caso, o art. 78,6 de igual texto legal contencioso-administrativo sinala que *a vista comezará con exposición por parte do demandante dos fundamentos do que pida ou ratificación dos* –extremos–, *expostos na demanda,* de maneira que conforme o dito precepto –tendo en conta ademais que o dito promovente descoñecía o contido do expediente cando

²⁹ LÓPEZ-MUÑIZ GOÑI, *op. cit.*, p. 429: *Hay que insistir -sinala Lesmes Serrano-, en que en el Procedimiento Abreviado el escrito de demanda se formaliza sin que esté a disposición del recurrente el expediente administrativo, lo que puede entrañar en algunos casos serias dificultades para fijar con concreción y detalle los hechos.* (LESMES SERRANO, *op. cit.*, p. 859.)

³⁰ GONZÁLEZ, OLMO, JIMÉNEZ e FONTECILLA, *op. cit.*, p. 129.

redactou e presentou a súa directa e inicial demanda-, resulta desde logo factible que a defensa modifique e aínda altere non só aqueles pormenores de feito e fundamentos xurídicos sobre os que basea a súa solicitude, senón inclusive o contido do seu correspondente *petitum*.

Resulta patente, pois –malia a paradoxal ausencia dalgunha previsión normativa ó respecto-, que nada impide que aquela defensa da dita parte promovente expoña tamén entón novas liñas argumentais ou probatorias –debido a que é o momento do seu único pronunciamento procesual posterior ó exame daquel expediente de autos-, ou aínda que por mor precisamente do dito extremo obteña excepcionalmente pronunciamentos xurisdiccionais relativos a defectos competenciais ou de xurisdicción e, sobre todo –no caso de que aquel referido acervo documental dotado de inicial presunción de validez non se lle remitise ou fose isto en inmediatas datas anteriores- que obteña so capa de efectiva indefensión o deferimento da vista oral a data ulterior.

Acto seguido –establece o art. 78,7 e 8 daquela Lei núm. 29/98, do 13 de xullo-, o demandado poderá formula-las alegacións que ó seu dereito conveña, comezando, no seu caso, polas cuestións relativas á xurisdicción, á competencia obxectiva e territorial e a calquera outro feito ou circunstancia que poida impedi-la válida prosecución e termo do proceso mediante sentenza de fondo. Oído o demandante sobre estas cuestións –haberá que sobreentender, conforme antes apuntabamos, que se non as promovese inicialmente-, o xuíz resolverá o que proceda e se mandase proseguir o xuízo, o demandado poderá pedir que conste en acta a súa desconformidade. O mesmo poderá facer o demandante se o xuíz, ó resolver sobre algunha das ditas cuestións, declinara o coñecemento do asunto a favor doutro xulgado ou tribunal ou entendese que debe declara-la inadmisibilidade do recurso”.

Se nas súas alegacións o demandado impugnase a adecuación do procedemento por razón da contía –engade o art. 78,9 de igual norma legal contencioso-administrativa-, o xuíz, antes de se practica-la proba ou, no seu caso, as conclusións, exhortará as partes a poñerse de acordo sobre tal extremo. Se non se alcanzase un acordo, decidirá o xuíz, que lle dará ó proceso o curso procedemental que corresponda segundo a contía que el determine. Fronte á decisión do xuíz non se dará ningún recurso.

Por outra parte, extremo procesual abondo transcendente resulta selo subseguente trámite de fixación de feitos na medida en que, non suscitadas cuestións previas ou resolta noutro caso polo correspondente titular xurisdiccional a continuación do xuízo –sinala o art. 78,10 da dita Lei núm. 29/98-, *daráselle a palabra ás partes para fixar con claridade os feitos nos que fundamenten as súas pretensións. Se non houbese conformidade sobre eles, proponanse as probas e, unha vez admitidas as que non sexan impertinentes ou inútiles, practicaranse seguidamente.*

En calquera caso –senta o art. 78,11 de semellante norma legal conten-

cioso-administrativa-, cando das alegacións das partes se desprenda a conformidade de tódolos demandados coas pretensións do actor, o carácter meramente xurídico da controversia, a ausencia da proposición de proba ou a inadmisibilidade de toda a proba proposta, e as partes non desexasen formular conclusións, o xuíz apreciará tal circunstancia no acto e, se ningunha parte se opuxese, dictará sentenza sen máis dilación. Formulada oposición, o xuíz resolverá estimándoa, e nese caso proseguirá a vista conforme o regulado nos apartados seguintes, ou desestimándoa na mesma sentenza que dicte conforme o previsto no parágrafo anterior, antes de resolver sobre o fondo, como especial pronunciamento.

Sen embargo, o elemento crítico da vista oral –e aínda a auténtica pedra de toque do procedemento abreviado–, vén se-la fase da práctica de proba e, en concreto, se o estreito marco da sesión do xuízo resultará ou non suficiente de maneira habitual para o seu correcto desenvolvemento ou se, pola contra, haberá de suspenderse a correspondente sesión e deferirse a súa realización a ulterior data.

Se o dito deferimento –por demais inclusive previsto legalmente no art. 78,18 da dita Lei núm. 29/98, do 13 de xullo– devén pauta restrinxida e aínda excepcional, aquela referida vía procedemental sumaria da orde xurisdiccional contencioso-administrativa adquirirá carta de natureza e considerarse exitosa innovación procedemental.

Polo contrario, se se impón a cotiá suspensión de vistas orais derivadas da imposibilidade de realización da cotiá práctica concentrada daquela proba na unidade de acto daquela habitualmente única sesión da vista oral, o carácter abreviado da dita específica canle procedemental será pura teoría ou formal *desideratum* alleo a calquera pauta de realidade e poderá considerarse outro fracaso legal-procedemental máis de tantos que houbo na nosa contemporánea historia procesual.

La consecuencia de lo anteriormente dicho –apunta recente parecer doutrinal–, es que salvo cuestiones esenciales debe evitarse la práctica de la prueba pericial y conminarse a la Administración demandada para que aporte toda la documentación posible.³¹ Los problemas se pueden plantear en relación sobre todo con el reconocimiento judicial que no puede hacerse sin suspender el juicio –engade Martín Rebollo–, pero no dejarán de surgir cuestiones en torno a la muchas veces básica prueba pericial..., respecto a la que se excluye la insaculación, de modo que habrá que deducir que las partes o se ponen de acuerdo sobre el nombramiento de peritos o en otro caso lo decide el juez. Pero desde luego subsiste –como inevitable factor eventualmente dilatorio, cabería precisar– la cuestión del llamamiento inmediato del perito y la práctica de la pericia en el seno del juicio oral³².

³¹ LÓPEZ-MUÑIZ GOÑI, *op. cit.*, 431.

³² MARTÍN REBOLLO, *op. cit.*, p. 115.

Resulta así patente que a miúdo –subliña López-Muñiz Goñi– *no toda la prueba podrá practicarse en el momento de la vista*,³³ de maneira que como *problemas más relevantes al respecto se apunta* –segundo González-Varas Ibáñez–, *que pese a los designios del legislador las pruebas documental y pericial no podrán celebrarse en dicha vista*³⁴.

Malia semellante escepticismo doutrinal, non haberá que esquecer que o correspondente titular xurisdiccional *a quo* debe guiarse polo imperativo principal de sumariedade procedemental –salvo que non quede outro remedio a prol da mellor defensa das partes e da busca da verdade material que persegue todo contradictorio proceso–, que desde logo se cohonesta, se corresponde e é así mesmo servido por aqueles outros precitados principios de concentración probatoria e unidade de acto antes referidos.

O art. 78,12 e 18 daquela Lei núm. 29/98, do 13 de xullo, senta pois os ditos criterios probatorios de especialidade procedemental e concentrada práctica en unidade de acto procesual, ó establecer desde logo con vocación de xeneralidade que *os medios de proba se practicarán nos xuízos abreviados, en canto non sexa incompatible cos seus trámites* –extremo agora ben subliñable–, *do modo previsto para o xuízo ordinario*, sen prexuízo de que con carácter tan residual como supletorio se sinale que *se o xuíz estimase que algunha proba relevante non pode practicarse na vista, sen mala fe por parte de quen tivese a carga de achegala, suspenderaa, e sinalarase no acto e sen necesidade de nova notificación, o lugar, día e hora no que deba reiniciarse*.

El nuevo señalamiento -manifiesta para o efecto Lesmes Serrano-, *entiendo que no debe exceder de UN (1) MES al ser éste el plazo señalado en el art. 60 de la norma jurisdiccional para la práctica de la prueba en el proceso administrativo ordinario. Además, teniendo en cuenta el desarrollo de las pruebas y que en el acta sólo debe recogerse un resumen de las mismas* –tal como prevé o art. 78,21 daquela Lei núm. 29/98, do 13 de xullo–, *no sería tampoco conveniente que el plazo fuera más dilatado... , pues la intermediación de aquéllas practicadas antes de la suspensión se perdería*.³⁵

En calquera caso, os medios de proba serán aqueles normalmente admisibles –confesorio-testifical, documental e pericial amais daquel precitado recoñecemento xudicial–, se ben, a súa práctica realizárase con aquelas especificidades procesuais establecidas *ad hoc* polo art. 78,13; 14; 15 e 16 daquela Lei núm. 29/98, do 13 de xullo, antes recensionado, de forma que as posicións para a proba de confesión se proporán verbalmente, sen admisión de pregos.³⁶

³³ LÓPEZ-MUÑIZ GOÑI: *op. cit.*, p. 430.

³⁴ GONZÁLEZ-VARAS IBÁÑEZ, *op. cit.*, p. 2.

³⁵ LESMES SERRANO *op. cit.*, p. 883.

³⁶ *Teniendo en cuenta que en el proceso administrativo siempre es parte la Administra-*

Ademais, non se admitirán escritos de preguntas e repreguntas para a proba testifical. Cando o número de testemuñas fose excesivo e, por criterio do órgano xudicial, as súas manifestacións puidesen constituír inútil reiteración do testemuño sobre feitos suficientemente esclarecidos, aquel poderá limitalos discrecionalmente. Por outra parte, as testemuñas non poderán ser riscadas e unicamente en conclusións as partes poderán face-las observacións que sexan oportunas respecto das súas circunstancias persoais e da veracidade das súas manifestacións.

En definitiva –senta o art. 78,17 do dito texto legal contencioso-administrativo como antes xa se apuntou–, contra as resolucións do xuíz sobre denegación de probas ou sobre admisión das que se denunciarian como obtidas con violación de dereitos fundamentais, as partes poderán interpor no acto recurso de súplica, que se substanciará –débase, pois, sobreentender que con expresa audiencia ó respecto das correspondentes contrapartes presentes na vista oral–³⁷ e resolverá seguidamente.

Así, ultimada a fase probatoria trala práctica da correspondente proba, prodúcese o trámite de conclusións das correspondentes contrapartes mediante a oral deposición daqueles letrados que as representen ou que as defendan –segundo sinala o art. 78,19 da dita Lei núm. 29/98 e sen prexuízo daquel excepcional suposto en que tratándose de persoal funcionario el mesmo se faga cargo da súa propia defensa–, sen que desde logo isto sexa óbice para que no caso de que efectivamente comparecesen ó acto do xuízo *as persoas que sexan parte nos asuntos poderán, coa venia do*

ción –sinala a nosa doutrina–, surge la duda de qué ha de hacerse cuando la prueba de confesión se solicita de la Administración, puesto que en el art. 595 de la Ley de enjuiciamiento civil se dispone que en los pleitos en que sea parte el Estado o alguna corporación del mismo no se le pedirán posiciones al Ministerio Fiscal o a quien represente a dicha parte. En su lugar, la contraria propondrá por escrito las preguntas que quiera hacer, las cuales serán contestadas por vía de informe por los empleados de la Administración a quienes conciernan los hechos. Estas comunicaciones se dirigirán por conducto de la persona que represente al Estado o corporación, que estará obligada a presentar la contestación dentro del término que el xuíz señale. En el procedimiento abreviado se recoge que las posiciones se proponen verbalmente pero –afirma Lesmes Serrano–, no que tengan que ser contestadas de la misma manera, por lo que tratándose de la Administración ésta las contestará por escrito en la forma indicada aunque para ello sea precisa la suspensión de la vista. Íbidem, p. 880.

³⁷ Ó respecto, un cualificado autor preguntase *¿Quiere esto decir que no cabe recurso de súplica contra las demás resoluciones del juez en el procedimiento abreviado, dado que no está previsto? Debe interpretarse que contra lo que cabría suponer a la vista del tenor literal de este precepto –afirma XIOL RÍOS–, cabe recurso de súplica contra las resoluciones del juez, a tenor de la regla general del art. 79 de la Ley reguladora de la jurisdicción contencioso-administrativa. Lo que ocurre es que dicho recurso podrá resolverse oralmente o por escrito, mientras que cuando se trate de los recursos previstos en este apartado, deberán resolverse siempre seguidamente, es decir, oralmente, sin suspensión de la vista. XIOL RÍOS, Juan Antonio, “Cincuenta notas de urgencia para la aplicación de la Ley 29/1998, de 13 de julio, reguladora de la jurisdicción contencioso-administrativa”, Actualidad Jurídica Aranzadi, núm. 373, 14.01.1999, p. 6.*

*xuíz, expor de palabra o que crean oportuno para a súa defensa á conclusión da vista, antes de dala por terminada*³⁸.

A ritualizada expresión *visto para sentencia* porá, pois, termo á correspondente sesión da vista oral, e terán entón as correspondentes contrapartes –ben por medio dos seus respectivos procuradores e defensa ou aínda persoal e directamente se se tratase de aqueles aludidos funcionarios en litixios sobre persoal alleos sempre ó nacemento ou extinción da relación funcional de carreira–, as testemuñas e peritos no seu caso depoñentes que asinar aquela acta levantada moi pormenorizadamente polo correspondente secretario xudicial conforme as prescricións do art. 78,29 daquela recente Lei reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

En definitiva, se se suscitase algunha controversia referente ó contido material da acta –que poderá ser estendida tamén a través do auxilio de medios mecánicos de reprodución segundo prevé o parágrafo segundo *ab initio* daquel art. 78,22 da dita Lei núm. 29/98, do 13 de xullo–, será resolta sen ulterior recurso polo correspondente titular xurisprudencial, e sinala polo demais ben atinadamente para o efecto López-Muñiz Goñi que *aunque la ley no dispone nada sobre el particular, dichas observaciones sólo pueden referirse a la exactitud o no del acta en relación con las circunstancias referidas, no pudiendo utilizarse las mismas para replantear las cuestiones ya debatidas y resueltas*.³⁹

En suma, a acta será asinada tanto polo correspondente titular xurisdiccional como polas defensas –así como polos correspondentes e potestativos procuradores no caso de que fosen designados e comparecesen á vista oral–, ademais daquelas demais persoas intervinientes por calquera título naquela previa sesión do xuízo oral, e sinala tamén *in fine* o art. 78,22 daquela norma legal contencioso-administrativa antes aludida que *da acta do xuízo deberá entregarse copia a quen fosen partes no proceso, se o solicitasen*.

³⁸ Algúns autores sinalan que pode entón intervir non só o correspondente persoal promovedor senón inclusive o titular do órgano administrativo de que se trate. Ó respecto, MARTÍN REBOLLO, *op. cit.*, pp. 115 e 116; tamén LÓPEZ-MUÑIZ GOÑI, *op. cit.*, p. 253. En calquera caso, ó modesto parecer de quen subscribe, semellantes opinións son equivocadas en canto dificilmente na dita fase procedemental –a diferenza do que ocorre no inicial estadio das medidas cautelares–, se pode considerar xa o correspondente órgano administrativo “parte no procedemento”, segundo se desprende do inequívoco teor do art. 78,19 daquela Lei núm. 29/98, do 13 de xullo. Con mellor criterio –ó noso xuízo– LESMES SERRANO sinala que *básicamente cuando de la Administración se trata tal audiencia no es imaginable. Cuando la parte representada fuere una persona jurídica, podrán hacer uso de este trámite los representantes legales de la misma que estuviesen presentes...*, sen prexuízo de que *con esta audiencia no debe abrirse un nuevo debate y su finalidad no debe ser otra que aportar alguna precisión o aclaración a lo dicho durante la vista*. LESMES, *op. cit.*, p. 885.

³⁹ LÓPEZ-MUÑIZ GOÑI, *op. cit.*, p. 254.

4.3. Fase decisoria

O art. 78,20 daquela Lei núm. 29/98, do 13 de xullo, tan reiteradamente aludida, prescribe que *o xuíz dictará sentenza no prazo de dez (10) días desde a realización da vista*. Semellante precepto parece inequívoco e sen embargo algún sector doutrinal⁴⁰ apunta que non sempre o correspondente titular xurisdiccional disporá do dito referido lapso temporal co fin de po-lo seu resolutorio fallo, senón que polo contrario estará obrigado a dictalo inmediatamente nos supostos contemplados no apartado 11 daquel mesmo precepto legal.

Así, segundo López-Muñiz Goñi, *a sentenza se dictará sin más dilación en el supuesto de que exista conformidad de todos los demandados con las pretensiones del actor; cuando la controversia tenga mero carácter jurídico por existir conformidad de las partes en los hechos; que haya ausencia de prueba, bien por no haber sido propuesta, bien por haber sido inadmitida, siempre además que las partes no deseen formular conclusiones; si las partes no desean formular conclusiones, pese al recibimiento del pleito a prueba; y que en ninguno de los supuestos referidos las partes se opongan a que el órgano jurisdiccional dicte sentencia*⁴¹.

Sen embargo, ó modesto parecer de quen agora subscribe, os puntos 11 e 20 do art. 78 da dita Lei reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa non son illadamente interpretables nin desde logo tampouco son excluentes, e estalle conferido sempre ó correspondente titular xurisdiccional aquel referido prazo de dez (10) días para dictar sentenza, refírese tan só en consecuencia aquel previo apartado normativo a que nos ditos excepcionais supostos a sesión da vista oral apocopárase sen máis dilación e quedaría en consecuencia expedito o momento de dictar aquel referido fallo resolutorio, e podería, pois, dictarse este coa maior brevidade pero sempre dispendo ó respecto daquel lapso legal en canto normativamente non foi obxecto de ningunha expresa excepción en contrario⁴².

Por outra parte, a sentenza *a quo* dictada poderá ser obxecto de eventual recurso de apelación en ámbolos efectos no prazo de quince (15) días, contados a partir do día seguinte á súa correspondente notificación a aquelas contrapartes no seu caso comparecentes en autos, interposto por demais ante o mesmo órgano xurisdiccional unipersonal *a quo* que dictase o fallo e dirixido á sala do contencioso-administrativo do órgano xurisdiccional colexiado *ad quem* que proceda.

⁴⁰ *Ibidem*, pp. 253 e 254.

⁴¹ *Ibidem*, pp. 253 e 254.

⁴² Así, *la Ley jurisdiccional contencioso-administrativa sólo establece un plazo para la realización de un acto del órgano jurisdiccional: diez (10) días para dictar sentencia una vez celebrada la vista*. GONZÁLEZ, OLMO, JIMÉNEZ e FONTECILLA, *op. cit.*, p. 130.

Sen embargo, conforme o teor dos arts. 78,1 *ab initio* e 81,1a) daquela Lei núm. 29/98, do 13 de xullo, a dita sentenza *a quo* dictada naquela vía procedemental abreviada non será susceptible de ningún recurso naqueles supostos en que a contía do asunto non supere desde logo as cincocentas mil (500.000) pesetas, salvo aquel residual e final suposto previsto naquel mesmo art. 81,2d) de que aquel fallo *a quo* dictado resolva *impugnacións indirectas de disposicións xerais*.

5. Conclusións


No momento de escribir estas liñas aquela acelerada canle procedemental que constitúe o procedemento abreviado leva vixente a penas tres (3) meses. O dito breve lapso temporal permitiu levar a bo porto procesual da vista oral unhas poucas decenas de actuacións, singularmente referidas ó masivo ámbito do dereito circulatorio sancionador ou aínda en menor medida outras relativas á área de persoal.

En calquera caso, a impresión obtida –malia o seu carácter inicial e fragmentario– non pode ser senón positiva; de sesenta e dous (62) xuízos realizados ata aquela pasada data 31 de marzo de 1999 no Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 1 da Coruña, tan só un (1) único xuízo correspondente ó ámbito do transporte de mercancías perigosas –atribuído á Administración autonómica– debeu ser deferido, sen prexuízo de que o dito aprazamento fose non por mor de ningunha práctica de proba complexa senón paradoxalmente por petición da correspondente defensa e por reiterada omisión na remisión do correspondente expediente administrativo.

Así, malia tódalas iniciais suspicacias respecto á profunda reforma recentemente operada na Orde xurisdiccional contencioso-administrativa –á luz da experiencia histórica contemporánea ben xustificadas⁴³ o procedemento abreviado é xa unha irreversible realidade procesual cotiá no ámbito dos órganos xurisdiccionais unipersoais contencioso-administrativos.

A súa efectiva virtualidade dependerá –como resulta por demais obvio– non só do entusiasmo persoal, da laboriosidade profesional e do

⁴³ *En todo caso, de poco o nada sirve ampliar el ámbito de materias que van a ser controladas por la justicia administrativa si ésta ya no puede con las que antes tenía encomendadas y los procesos, a la altura de 1998, tardan en tramitarse una media de siete años. Pretender que esa situación, de verdadera inundación, en continuo crecimiento además por la creciente litigiosidad que la Ley de 1998 sin duda traerá, va a resolverse con algunas ligeras medidas procesales para evitar trámites y la ampliación de la plantilla judicial que suponen los nuevos juzgados de lo Contencioso-Administrativo, es de una asombrosa ingenuidad*". PARADA, RAMÓN, *Derecho administrativo. Parte general*, tomo I, MARCIAL PONS, Madrid, 1998, pp. 746 e 747.

acerto xurídico dos diferentes titulares xurisdiccionais unipersoais que serven os ditos xulgados, senón tamén en boa medida do grao de apoio traducido tanto na achega de adecuados medios materiais –singularmente informáticos–, como de reforzos persoais que reciban no momento presente. Niso se está e pronto –nun e noutro sentido– poderemos ve-lo resultado. 

A Coruña, 1 de abril de 1999